

Nico e Miños

por M^a Victoria Moreno

Nico, que en realidade se chamaba Nicomedes, era un can grande, negro, peludo, pachorrento e lambón. Tiña os ollos marelos e tristes e, riba dos ollos, na fronte, unha estrela branca.

Miños, que en realidade se chamaba Correcamiños, era un can pequeno, branco, pelón, inquieto e mal comedor. Tiña os ollos negros e ledos e, por todo o corpo, manchiñas castañas, como pingas de café con leite.

Nico vivira moito tempo unha casa grande, estaba afeito ó colar e á cadea, e miraba para a xente coma un pobre de pedir.

Miños nacera na rúa, estaba afeito ó sol e ó frío, e miraba para a xente con retranca.

Nico e Miños atopáronse na praza da vila un día de choiva. Os meniños estreaban paraugas e botas, os homes levaban sombreiro e as mulleres abrigábanse nos soportais para falaren.

Daquela pasou por diante dos cans unha señora moi posta, zapatos de taco alto, saia estreita, paso curto,

colares de vidro fino e un sombreiro de veludo. Tamén levaba un paraugas que lucía no seu puño unha cabeza de gato moi feitiño e repoludo.

E a pobre da señora esvarou nunha pucharca, fixo por mante-lo equilibrio coma se andase por un aramio, caeuille o sombreiro, voouille o paraugas, soltáronse as adoas dos colares e, á fin, a coitada caeu en plancha, coma unha nadadora.

Nico mirouna apesarado. Miños partíase a rir. Nico foi collelo sombreiro para devolverlo á súa dona. Miños púxose a xogar coas adoas. A Nico déronlle un paraugazo para que soltase o sombreiro. Miños perdeuse entre a xente cunha adoa brillante que soaba entre os seus dentes coma un axóuxere.

Cando, ó cabo dun tempo, non había xa na praza nin señora nin xente, nin paraugas nin sombreiro, nin adoas nin meniños, Nico e Miños, xuntos, dirixíronse ós arrabaldos da vila por ver se atopaban algo para comer.

Ian calados, serios e amoucados, porque a Nico lle parecía moi mal o que fixera Miños e a Miños tampouco non lle parecía ben o que fixera Nico.

Á fin falou Nico, o can grande:

—Deberías ter vergonza de rires e de aledarte coa desgracia das persoas.


Miños, o can pequeno, mirou para o outro con cara de non entender nada. Díxolle:

—Eu non sei, meu compaño, que quere dicir vergonza e por iso nunca a teño,

A Nico, o can triste, non lle pareceu que Miños fose un desvergonzado. Antes ben coidou que era un pouco parvo, ou ignorante, ou cousa polo estilo. Por iso lle explicou:

—A vergonza é o pesar que sentimos se facemos cousas que din que están mal.

A Miños, o can ledo, ninguén lle dixerá que estivese mal rir cando viña o riso nin xogar cunhas adoas de vidro que brincaban nas lousas coma as pingas grandes e brillantes da choiva. Por iso retrucou:



FRANCISCO MELÉNDEZ.

—Mais, que eu saiba,
nunca un can dixo
se as cousas estaban
ben, nin mal, nin regular.

Nico, o can caseiro, lembrou-se do seu collar e da súa cadea, e quixo que Miños entendese como eran as cousas da vida:

—É que o mundo
é das persoas
e un can debe respetar
o que os homes
chaman normas.

Miños, o can ceibe, comezou a incomodarse porque non lle prestaba que a vida dun can tivese que ser como dicía Nico. Apuxo moi serio:

—¿Normas dixeches,
amigo?

Nunca oín esa palabra
e non lle atopo sentido.

Nestas e noutras semellantes ían achegándose ós arrabaldos. De cando en vez detíñanse e matinaban. Nico, cando coida

ba que Miños non o vía, lambía a ferida que lle fixeran co paraugas. Miños, cando coidaba que Nico non o vía, facía roda-la súa adoa de vidro polo chan.

Mais Nico, o can pachorrento, non deixaba a súa teima:

—¿Sabes ti, Correcamiños,
que por non cumpli-las
normas eu perdín
casa e oficio?

Miños, o can inquedo, respondeu coma un raio:

—Tamén sei que
por cumplirlas
che zoscaron co paraugas
hoxe á mañá, diante miña.

Nico, o can lambón, non tiña presa por comer aquel día e prestáballe máis ir andando de vagar, cabo de Miños. Comezaba a sentir un chisco de respeito polo can pequeno e víase na necesidade de contarlle algunas cousas:

—Eu gardaba ben a casa,
mais botáronme
os meus amos
porque de noite ladraba.

Miños, o can mal comedor, ía choutando pola herba, coa súa adoa de vidro entre os dentes. Gorentaba por un óso para xogar primeiro un pouco e despois regalarollo ó can grande, que estaba ferido e triste. Díxolle para animalo:

—Iso que ti chamas normas
é peor ca unha cadea
que nos amarra e afoga.

Nico baixou a cabeza. Miños sorriu. De súpeto, o can grande e caseiro e o can pequeno e ceibe botáronse a correr pola herba, baixo un ceo grande, onde comezaba a sorri-lo sol.

E aquí remata xa o conto de Nico e Correcamiños, un can negro e outro branco que se fixeron amigos.